

Durmir de noite

Hoxe brilla a noite escura
durmen cansas as estrelas
todas elas cuida a lúa
loce grande, loce chea.

Baixo esa negra noite
ela mira aínda esperta
coma as estrelas de día
coma o sol cando quente.

Miña nena non descansa
non pode miña nena
dinlle: “cerro os ollos e soño”
mais cérraos con pena.

Que non consegue ser estrela
na noite tranquila descansando
non descansa, ela sofre
sofre sen cura de vez en cando.

Unha noite sen durmir
pasan dúas e unha máis,
conseguirá non máis sufrir?
non di que ela pensa: xamais.